

CONCURSO de REDACCIÓN

Co gallo de fomentar a creación literaria entre o alumnado do IES Lucus Augusti e, ao mesmo tempo, lembrar a celebración do 175 aniversario da creación deste centro, convócase un concurso de redacción coas seguintes bases:

1. Tema: ***O meu Instituto***.

Establécense dúas categorías:

A (de 1º a 3º ESO)

B (4º ESO e BAC e Ciclos)

2. Os traballos (máximo un por alumno/a) terán unha extensión máxima de dous folios, a dobre espazo, en tipo de letra “arial 12”, redactados en calquera das linguas que se estudan no Instituto como primeiro ou segundo idioma: castelán, galego, alemán, francés e inglés.

3. Meteranse nun sobre que no exterior poña: “Concurso de redacción: *O meu Instituto*” e o Grupo polo que se concursa (A ou B). Dentro irá outro sobre máis pequeno, cerrado, cun pseudónimo ou lema por fóra, e no interior un papel no que figurarán o nome e os apelidos, así como o curso ao que pertence o alumno/a.

3. Os traballos entregaranse no despacho da Xefatura de Estudos, quen llos fará chegar ao xurado para a súa valoración.

O prazo de entrega finalizará o **15 de decembro** de 2017, ás 14.15 h.



4. Haberá dous **premios** consistentes en dúas táblets (unha por categoría), diplomas e lotes de libros. O xurado, que estará composto por profesorado da Comisión do Centenario e de linguas estranxeiras, poderá outorgar os accésits que considere oportunos, dotados de diploma e lote de libros. Na revista escolar, no blog da Biblioteca e na páxina web do centro publicaranse os traballos premiados en ambas categorías.